

## ENTREVISTA A CRISTINA PATO

### “ A GAITA TÓCASE EN TODO O MUNDO: ESCOCIA, TURQUÍA, ORIENTE...”

Cristina Pato, ademais de pianista, compositora, escritora e moito máis, é unha gaiteira universal. Toca todo tipo de ritmos musicais coa gaita e fai soar o instrumento por todo o mundo, xunto coa caravana de artistas que a acompañan, incluso o mesmo King Kong gusta de escoitar as súas melodías dende os rañaceos de Nova York, a cidade onde vive neste momento.

Di Cristina que a música é fundamental para a vida, e que grazas a ela prendes a escoitar, a colaborar, a curiosar, a socializar...

-Es das poucas gaiteras que tocan rock, jazz, música latina, folk,... pódense tocar coa gaita todos os estilos musicais?

Por suposto. tocar distintos estilos musicais é como falar varias linguas, só tes que aprender o vocabulario de cada un. Da igual o instrumento que utilices.

-tocas a gaita na Silk Road Ensemble, unha banda formada por artista e instrumentos de diferentes lugares do mundo. Que me aporta ese contacto con outros sons e culturas? Apórtame moitas cousas. á banda permíteme viaxar por todo o mundo, tocamos en Corea, na India, Australia...e musicalmente, ao traballar con músicos de culturas tan distintas e convivir con instrumentos tan diferentes, aprendín moitísimo.

Que instrumento da banda te chamou máis a atención?

O Kamanché, uns instrumento persa, cun son moi doce, parecido ao violín, que me recorda moito a música que se fai no sur de Ourense.

-Vives en Nova York. Que lle parece a gaita a King Kong e aso habitantes de Manhattan? Gústalles! Para eles é un son familiar: Moitos dos habitantes de Nova York son descendentes de irlandeses e coñecen a gaita..É algo que se descoñece, pero a gaita tócase en todo o mundo. A irlandesa e a escocesa son, as máis coñecidas, pero tócase en Turquía, Bulgaria, Alemaña, Francia e Oriente...

-E onde ensaías para non enfadar aos veciños?

He,he... pois en Ourense, vivía no casco vello e non tiña problema para ensaiar, pero en Nova York, teño que alugar un estudio ou nun local de ensaio. Así non molesto a ninguén.

-Que opinas das descargas ilegais de música por internet?

Pois penso que tanto o público, como os artistas, como as discográficas deberíamos de poñernos de acordo para poder cumprir os desexos de cada un.

A pregunta do papagaio:

-Xa que a gaita ten unha orixe pastoril. Que canción tocarías para guiar un rabaño de ovellas?

He, he ... Pois seguramente un alalá, penso que lles gustaría moito. Esperta un sentimento de comunidade moi grande.

**Xornal o Papagaio.(2016,11) A gaita tócase en todo o mundo: Escocia, Turquía, Oriente...Entrevista.**